

XORNADA

A internacionalización do libro galego

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Mércores, 26 de setembro de 2018



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

O futuro do libro galego pasa pola súa proxección exterior. Un sistema literario coma o noso, dotado dunha contrastada e premiada calidade, e cunha variedade —ou “biodiversidade”— manifesta, en xéneros, temáticas e formatos editoriais, debe procurar a exportación dos contidos e dialogar dun xeito bilateral con outras culturas.

Velaquí a orixe desta xornada de internacionalización do libro galego. Está dirixida ás empresas editoras que desexen iniciar ou afondar no proceso de proxección exterior e de comercialización.

O obxectivo do encontro é duplo: por unha banda, adquirir información sobre as oportunidades de negocio no exterior a través das principais feiras internacionais e das experiencias de éxito dos gremios e editoras; por outra, establecer contactos con destacados representantes das feiras internacionais do libro coa finalidade de iniciar o proceso de internacionalización.

Para isto, contamos con representantes dalgunhas das feiras profesionais máis importantes, como son a Frankfurt Book Fair ou o Liber. Participan, así mesmo, as empresas galegas que manteñen presenza internacional e un modelo de negocio tamén fóra do noso país. Canda elas, achegan a súa experiencia representantes da Associació d'Editors en Llengua Catalana ou Flanders Literature.

Un programa, en si, condensado en dúas sesións e unha soa xornada, organizada pola Comisión de Acción Exterior do Consello da Cultura Galega, baixo a coordinación de Xosé Ballesteros, presidente da Asociación Galega de Editoras.

PROGRAMA

Sesión da mañá

10:00 horas

Inauguración

10:30 horas

Mesa redonda

A relevancia das feiras internacionais do libro

Representante do Liber, **Antonio María Ávila**, da Federación de Gremios de Editores de España
Representante da Frankfurt Book Fair, **Marifé Boix García**

12:00 horas

Pausa

12:30 horas

Mesa redonda

Editoras galegas, o seu modelo de internacionalización

Xosé Ballesteros, Kalandraka
Carlos del Pulgar, Nova Galicia
Laura Rodríguez, Hercules Ediciones

Sesión da tarde

16:30 horas

Mesa redonda

Modelos da presenza dos gremios e institucións nas feiras internacionais do libro

Cataluña, **Ilya Pérdigo**
Flanders Literature, **Koen Van Bockstal**
Galicia, **Dolores Tobío**

ORGANIZA

Comisión de Acción Exterior (CCG)

COLABORA

Asociación Galega de Editoras

COORDINA

Xosé Ballesteros

LUGAR

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75 % das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

COLABORA

